



O Deportivo comezou o paro de seleccións da peor maneira posíbel.

Á grave lesión de Marc Casadó, que estará tres meses de baixa, uniuse a de Pierre-Emerick Aubameyang, que onte foi operado do seu xeonllo en Madrid e estará fóra dos terreos de xogo ao redor de oito semanas. A do dianteiro gabonés é unha ausencia que fai moito dano ao conxunto coruñés e Antonio Hidalgo deberá avaliar as distintas opcións que ten no vestiario para substituír un xogador que participou de maneira directa en até 70% dos goles do equipo.

Texto Óscar Méndez + Foto RC Deportivo

Pierre-Emerick Aubameyang e Yeremay Hernández no partido do Deportivo ante o Xetafe en territorio madrileño.



O gabonés podería voltar após o paro de novembro

Hidalgo busca como reporse da baixa de Auba

As desgrazas nunca veñen soas" é un proverbio con séculos de antigüidade que serve para sinalar que as malas novas adoitan sucederse cando aparece a primeira delas. Algo así deben estar a pensar no Deportivo da Coruña, que despois dun excelente inicio de tempada en Liga, estando sétimo na clasificación, viu como en apenas tres días foi castigado polas lesións de dous dos seus xogadores máis importantes. O domingo ante o Betis retirouse do campo Marc Casadó cun problema no ombreiro. Un día despois, o centrocampista foi operado dunha fractura na clavícula que o deixará na enfermaría tres meses. Pero o peor ocorreu nesta pasada cuarta feira, cando se soubo que Pierre-Emerick Aubameyang debía operarse do seu xeonllo por un problema no menisco, tamén ocorrido ante o conxunto andaluz. O dianteiro gabonés e principal estrela do equipo coruñés foi intervido onte e estará lonxe dos terreos

de xogo até finais de novembro, unha baixa que fai moito dano aos coruñeses. Para máis dano ao equipo, Eddahchouri tivo unha lesión no pulso nun adestramento, pasará polo quirófano e estará unhas tres semanas fóra.

"Para nós é como Mbappé", apuntan desde o vestiario herculino para valorar o que supón a ausencia dun futbolista que é fundamental para Antonio Hidalgo e que estaba a ser unha das sensacións deste inicio de Liga. Aubameyang suma cinco goles e dúas asistencias neste arranque de tempada, é dicir, participou de maneira directa en 70% dos goles do Deportivo. Titular nas seis primeiras xornadas, o gabonés saíu desde o banco ante o Betis, cando se lesionou no tramo final do partido. Aínda que sentiu molestias durante o mesmo, despois do asubío final ninguén podía imaxinar o alcance dunha lesión que o manterá fóra uns seis ou sete partidos.

O goleador do conxunto coruñés foi intervido no Centro Olympia de Madrid polo traumatólogo Ma-

nuel Leyes, que xa operou outros xogadores do Deportivo no pasado, e onte mesmo recibiu a alta hospitalaria. A recuperación será na Coruña e desde xa mesmo porase nas mans dos fisioterapeutas do club, aínda que parece moi difícil adiantar os prazos fixados inicialmente. Ao igual que ocorreu con Yeremay nestes primeiros partidos de Liga, o corpo técnico non asumirá riscos co seu regreso porque saben que a tempada é moi longa e outra lesión desa articulación podería provocar unha baixa de moitos meses. Confiase, porén, en que regrese após o paro de seleccións de novembro.

Zaka Eddahchouri

Hidalgo ten que resolver agora dous problemas cos que non contaba. En principio, a baixa de Casadó obrigará a atrasar ao dobre pivote Mario Soriano para recuperar a sala de máquinas de inicio de tempada xunto a Lorenzo Amatucci, outro xogador manco e que está a adestrar á marxe dos seus compañeiros. Con todo, a

ausencia de Aubameyang é moito máis dura. O gabonés é un dianteiro autosuficiente que non precisa dun ecosistema ao seu redor para marcar as diferenzas. El é un sistema en si mesmo e ese tipo de xogadores non os ten o adestrador do conxunto herculino, que deberá tirar doutros nomes que até o momento pasaron moi desapercibidos. E os focos apuntan principalmente a Zaka Eddahchouri. Con todo, a súa presenza deberá esperar unhas semanas por unha lesión na man que o deixará fóra até mediados de outubro.

Durante as primeiras sete xornadas de Liga, o neerlandés estivo nun segundo e até nun terceiro plano. É o vixésimo primeiro futbolista en minutos no Deportivo e apenas estivo 69 no terreo de xogo repartidos en catro partidos. Iso si, deulle tempo a marcar un gol en Villarreal que logo resultou decisivo naquela vitoria dos branquiazuis. Con todo, a súa relevancia para Hidalgo foi mínima e polo de agora non suma ningunha titularidade, algo que a bo seguro



EDDAHCHOURI TAMÉN DEBERÁ PASAR POLO QUIRÓFANO POR UNHA LESIÓN QUE SUFRIU NO PULSO

cambiará ao seu regreso. Unha vez recuperado, Eddahchouri será o recambio máis natural que ten Hidalgo e xa a tempada pasada, onde foi o máximo goleador do equipo en Segunda, demostrou unha boa conexión no campo con Nsongo Bil, o outro dianteiro do Deportivo. Iso, sempre e cando o corpo técnico manteña o esquema con dúas puntas desde o inicio, pero a riqueza de perfís que ten ao seu dispor abre o abano.

Outras opcións

Sen Aubameyang e con Mario Soriano de volta ao dobre pivo-

te, Hidalgo podería apostar nun 4-2-3-1, un esquema que reforza a liña de mediapuntas e permita ao adestrador reservar un dos dous dianteiros para as segundas partes. Tamén podería optar por facer máis defensivo o equipo e utilizar un 3-4-2-1, que tería o mesmo efecto na parte ofensiva. En ambos os casos, será importante que xogadores como Adama Traoré, David Mella, Yere May Hernández ou Jonathan Asp Jensen dean un paso adiante a respecto das primeiras xornadas do campionato, tanto en prestacións como en números.

O que parece claro, en todo caso, é que entre todos eles teñen que conseguir que as participacións de gol que o Deportivo perde sen Aubameyang non prexudiquen en exceso o rendemento sobre o terreo de xogo dos herculinos. Dous meses fundamentais para que os secundarios mostren o seu verdadeiro nivel e o poñan ao servizo do equipo de Hidalgo.